



[www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/gao-enxenaria-agricola-agroalimentaria](http://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/gao-enxenaria-agricola-agroalimentaria)



# Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria



[www.usc.gal](http://www.usc.gal)

# Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

Este Grao habilita para exercer a profesión regulada de Enxeñeiro Técnico Agrícola nas súas catro especialidades.

Explotacións Agropecuarias  
Hortofruticultura e Xardinería  
Industrias Agrarias e Alimentarias  
Mecanización e Construcións Rurais

Este Grao ten recoñecemento a nivel europeo, ao estar adaptada ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Politécnica Superior de Enxeñaría  
Rúa Benigno Ledo  
27002 Lugo  
eps.secretaria.direccion@usc.es

Campus Lugo

+info [www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-agricola-agroalimentaria](http://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-agricola-agroalimentaria)  
+34 982 823 011

## Presentación

Duración: 4 anos

Prezo: UE: 900 € aprox. / curso

Non UE: 5.200 € aprox. / 1º curso consultar

Número de prazas: 45

Nota de corte: 5,314

Data de inicio: Setembro

## Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos distribuídos en 66 créditos de formación básica, 78 de materias obrigatorias e 96 créditos optativos. Para obter o título é preciso completar os 240 créditos cubrindo as competencias de polo menos unhas catro especialidades da titulación. Inclúe a realización dun Traballo Fin de Grao, cun contido de 12 ECTS, co apoio dun titor e dun director

A Enxeñaría Agrícola aplica a enxeñaría, a ciencia e a tecnoloxía no ámbito das explotacións agrícolas e gandadeiras, extensivas e intensivas, na industria agroalimentaria, no desenvolvemento rural e na ordenación do territorio, na mellora xenética, na mecanización agraria, na xardinería e no paisaxismo,... sempre na busca das mellores condicións técnica, sociais, económicas, medioambientais para a sociedade..

## Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. O Servizo de Relacións Exteriores xestiona os diferentes programas de intercambio existentes con outras universidades nacionais (SICUE), europeas (ERASMUS) e extracomunitarias (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Os/as estudantes poderán obter recoñecemento académico ata un máximo de 6 créditos optativos pola realización de prácticas externas relacionadas co título, así como realizar prácticas extracurriculares ata un máximo de 30 ECTS.



O grao conta co Selo de Calidade internacional EUR-ACE® para títulos de enxeñaría dende xullo de 2020. Actualmente ocupa o primeiro posto das titulacións españolas de enxeñaría agraria segundo o ranking independente da Fundación BBVA e o IVIE.

Os titulados de este grao gozan dunha elevada e temperá empregabilidade. A revista Forbes sitúa esta profesión como unha das nove carreiras do futuro polos grandes retos da agricultura e a alimentación.

